

TEORÍA: O COMENTARIO CRÍTICO.

Consiste en elaborar unha exposición na que debemos asentir, disentir ou matizar o contido do fragmento proposto.

Vanse valorar, polo tanto, dúas cuestións:

- A túa capacidade crítica: debes demostrar que tes os teus propios coñecementos e opinións.
- A túa expresión lingüística: debes demostrar que es capaz de expresar as túas ideas de xeito organizado.

Non se debe empregar o comentario crítico para:

- Expoñer todos os coñecementos que posúas sobre o tema proposto, tomando o texto coma pretexto.
- Expresar coñecementos xerais que poidan aplicarse a calquera texto e que non achegan nada relevante sobre o que se propón.
- Tomar o texto coma unha escusa para comentar cuestións secundarias ou alleas ao tema.
- Realizar unha paráfrase do texto.
- Adoptar un ton polémico, agresivo ou “de peloteo”. Nin o eloxio excesivo nin a crítica feroz. Débese expresar as opinións, expoñelas sen medo e de xeito razoado.

A análise crítica do texto debe redactarse coherentemente, cunha expresión fluída e ben organizada, evitando a reiteración de ideas e a falta de estruturación na exposición. (A confección de esquemas ou dun borrador axudará a poñer en orde a información e a organizala)

1. Que opino sobre o texto?

Unha vez que sabes o que se di no texto tes que reflexionar sobre o que sabes ti, e debes decidir que tese vas defender e con que argumentos.

O tipo de argumentos que se poden utilizar poden ser:

- De autoridade: empregan o testemuño de persoas consideradas coñecedoras no tema.
Ex: Hoxe os educadores de Europa opinan...
- De experiencia persoal: empregan as propias vivencias para apoiar unha idea. Daralle orixinalidade ao texto, pero non é suficiente por si soa nin se debe abusar dela.
Ex: Eu sei todo iso porque o experimentei...
- De exemplo: un caso concreto serve como exemplo das ideas que se queren defender.
Ex: Un claro exemplo constitúeo o accidente acontecido en Vila de Cruces...
- Legais: acódese ao establecido na lexislación.
Ex: Segundo as leis vixentes é obrigatorio o uso do cinto de seguridade...
- De analogía: compáranse dúas situacións semellantes.
Ex: No mes de agosto producíronse 67 accidentes menos que o ano pasado.

Normalmente nos textos argumentativos poden empregarse dous tipos de argumentos:

- Racionais: baseados no razoamento, que permiten valorar e analizar os feitos con obxectividade. Son habituais nas demostracións científicas.
- Afectivos: baseados nas emocións e nos sentimentos. Pretenden conmover e persuadir ao receptor. Son frecuentes nos mitins políticos.

Para que a tese quede ben defendida é conveniente combinar distintos tipos de argumentos. E é importante non caer nos seguintes erros:

- Argumentos de apelación á forza ou ofensivos:
Ex: Os axentes de tráfico son todos uns chulos.

- Argumentos de xeneralización:
Ex: A xente moza nunca respecta os límites de velocidade.
- Argumentos baseados en prexuízos:
Ex: As mulleres son peores condutoras ca os homes.

2. Como expreso a miña opinión?

O texto debe presentar tres partes: introdución, desenvolvemento e conclusión.

- Introdución: debe ser breve (un parágrafo). Podes opinar sobre a importancia e a actualidade do tema ou sobre a orixinalidade ou o enfoque co que está tratado.
- Desenvolvemento: é a parte máis extensa e pode contar con máis dun parágrafo. Hai que evitar as contradicións, as repeticións ou as afirmacións non razoadas.
- Conclusión: debe ser breve (un só parágrafo). Debes expoñer a tese que se defendeu.

-Redacción do comentario:

a) **Cohesión:**

- Mantén a orde das oracións SUX- PRED- COMP. Os CC teñen moita mobilidade, pero evita que a súa posición provoque confusións.
- Tamaño das oracións: débese procurar os dous tamaños, pero as oracións máis extensas non deberían superar as 30 palabras. Canto máis longa sexa, máis posibilidades hai de caer no anacoluto (ruptura sintáctica da oración)
- Nexos: ás veces utilízanse conxuncións inadecuadas ou abúsase de e, pero ou que. Para non reiterar a conxunción e pódese acudir á puntuación ou cambiala por un nexos subordinante (concesivo: a pesar de que, malia que...; causal: porque, por mor de...).
Lembra que os nexos “sen embargo” e “anque” non son normativos. Para o primeiro debemos utilizar “porén, no entanto, así e todo ou non obstante”.
O pronome relativo “quen” é invariable.

b) **Adecuación:**

- O rexistro adecuado é o formal. Este caracterízase por:
 - Información ben seleccionada
 - Corrección morfosintáctica
 - Tecido sintáctico ben construído (tamén con oracións compostas)
 - Riqueza léxica co uso de sinónimos e hiperónimos.
 - Léxico preciso (incluso con vocabulario especializado)
 - Ton impersoal e distante.

c) **Coherencia:**

- A información que se vai transmitir ten que:
 - Estar organizada de xeito lóxico, en parágrafos.
 - Ser completa e suficiente pero non redundante.
 - Non debe ser contraditoria e debe expresarse de xeito claro, sen rodeos.

d) **Gramaticalidade:**

- O texto debe presentar corrección léxica, morfolóxica e ortográfica. Ademais debe estar ben puntuado. Para traballar correctamente este apartado debe un aplicar os conceptos estudados nos temas de Gramática.
- Tamén é importante que o comentario estea ben presentado, para iso debemos de coidar a nosa caligrafía, ser coidadosos na limpeza do noso texto (sen manchas, borróns...) e manter as marxes correspondentes, así como facer unha correcta segmentación de palabras ao final de cada liña.